



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE CATABOIS  
CURSO: 2019-2020  
DEPARTAMENTO: **ORIENTACIÓN**  
DATA: 11-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **1. INTRODUCCIÓN**

## **2. ANÁLISE DE NECESIDADES**

### **2.1. ADAPTACIÓN DO MODELO DE TITORÍAS Á NOVA SITUACIÓN**

### **2.2. ORGANIZACIÓN DAS ACCIÓNS DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.**

### **2.3. ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS DE APOIO**

### **2.4. CONTINUAR COAS ACTIVIDADES, MEDIDAS E PROGRAMAS DO PXAD adaptándoas preferentemente ao coidado do benestar emocional.**

## 1. INTRODUCCIÓN

Con motivo da situación motivada polo virus do Covid-19, e a situación de confinamento no que estivemos dende o 13 de marzo, paso a indicar a continuación as modificacións e adaptacións que se fixeron tanto no POE, como nos tres plans de intervención: PAT, POAP, MAD, durante este período para dar resposta a toda a comunidade educativa, principalmente son cambios que afectan á metodoloxía.

## 2. ANÁLISE DE NECESIDADES

### 2.1. ADAPTACIÓN DO MODELO DE TITORÍAS Á NOVA SITUACIÓN

Priorízanse neste terceiro trimestre os seguintes obxectivos:

#### REFERIDOS AO ALUMNADO.

- Axudar no desenvolvemento integral do alumnado, priorizando os ámbitos persoal, social e afectivo.
- Ter en conta ás características individuais do alumnado e dar resposta ás súas necesidades.
- Coñecer a posibilidade real de conexión do alumnado e artellar respostas que favorezan o seu proceso educativo.
- Realizar un seguimento personalizado do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.
- Axudar e informar ao alumnado no proceso de toma de decisións académicas.
- Informar ao alumnado do seu grupo sobre cuestións e actividades académicas e lúdicas que poden facer dende a casa e fomentar a súa participación.

#### OBXECTIVOS REFERIDOS AO EQUIPO DOCENTE.

- Colaborar e facilitar a súa labor tanto coas familias como co alumnado.
- Coordinar a labor do equipo docente e informalo sobre cuestións relevantes do alumnado do seu grupo.
- Levar aos equipos docentes as opinións e dificultades do grupo, propoñendo obxectivos concretos e pautas de actuación para solventar dificultades ou mellorar actuacións.
- Promover o traballo en equipo do profesorado, en relación coa súa titoría, e a implicación do resto do equipo docente na función orientadora.
- Colaborar co departamento de orientación.

#### OBXECTIVOS REFERIDOS ÁS FAMILIAS.

- Contribuír ao establecemento de relacións fluídas centro-familia.
- Implicar e axudar ás familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Orientar ás familias sobre a forma de abordar os problemas que podan xurdir.

- Informar ás familias sobre a organización do terceiro trimestre.
- Informar sobre a evolución de cada alumno/a en particular.
- Asesorar sobre a educación dos seus fillos/as e as opcións académico-profesionais.

## **LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN**

Para acadar eses obxectivos expoño as seguintes liñas xerais de actuación:

- Comunicación cos titores/as e con Xefatura de Estudos, podendo ser: por correo electrónico, videoconferencias, ou correo corporativo.
- Actuacións directas dos/das titores/as coas canles que eles establezan.
- Actuacións co grupo-clase, establecendo algunha titoría virtual Webex.
- Atencións individuais con cada un dos/das alumnos/as e coas súas familias cando sexa preciso, a través do correo electrónico, teléfono...
- Coordinación co equipo docente, correo electrónico, reunión virtual Webex.
- Actuacións directas da orientadora en actividades concretas.
- Reunións virtuais coas familias mediante Webex.

## **CONTIDOS**

Agrúpanse nos seguintes bloques temáticos:

- Autoestima, emocións, empatía, asertividade e responsabilidade individual.
- Continuar coa integración do alumnado no grupo a través das videoconferencias.
- Habilidades sociais e comunicativas, valores e resolución non violenta dos conflitos.
- Motivación, hábitos de estudo e Técnicas de Traballo Intellectual (TTIs).
- Programas específicos: Programa de Habilidades Sociais, Educación emocional, prevención acoso escolar, prevención de consumo de substancias nocivas, orientación afectivo-sexual...
- Incorporación de contidos relacionados coa a igualdade real entre homes e mulleres.
- Promover valores igualitarios que contribúan á erradicación da violencia de xénero.
- Orientación Académica e profesional: autoconñecemento, coñecemento das opcións académicas e profesionais. Toma de decisións.
- Orientación ás familias.
- Sesións de avaliación.

## PLANIFICACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL.

As actividades que se propoñen para a consecución dos obxectivos fixados neste plan para o terceiro trimestre teñen que ver con:

- Manter un bo estado emocional.
- Actividades para organizar as actividades escolares. Como autorregular a súa aprendizaxe. Actividades sobre planificación, técnicas e hábitos diarios de estudo
- Recollida de información sobre o tipo e o nivel de conectividade do alumnado, coñecer se hai problemas de conexión.
- Información sobre o desenvolvemento do terceiro trimestre: actividades reforzo e recuperación.
- Contacto telefónico coas familias, interese polo estado de saúde e polo aspecto emocional,
- Información ás familias, pautas actuación, guías explicativas.
- Seguimento das MAD.
- 8 de abril, día do pobo xitano.
- 2 de maio día en contra do acoso escolar.
- Orientación Académica e Profesional segundo o nivel no que se atopan.
- Sesión avaliación.
- Informes individualizados, consello orientador e demais documentación.

## METODOLOXÍA.

As actuacións cos diferentes axentes implicados: alumnado, familias, equipos docentes, axentes externos (FSG, Servizos Sociais...) serán basicamente con contactos a través de teléfono, correo electrónico, videoconferencias a través da plataforma Webex, a través da páxina web do IES, e a través Aula Virtual do centro.

Recursos materiais.- elaborados na súa maioría pola Orientadora adaptados aos diferentes niveis, empregando nestes momentos o formato dixital, así como selección de recursos na rede das diferentes temáticas.

## AVALIACIÓN DO PLAN.

Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación realizarán o seguimento e avaliación do PAT.

### AVALIACIÓN CONTINUA

A Orientadora fará un seguimento das actividades realizadas facendo unha distinción entre aquelas que se realizaron ata o 13 de marzo, e as que se realizaron a partir desa data ata a finalización do curso atendendo aos seguintes criterios:

- Valoración que fai o alumnado
- Valoración do TEI.
- Valoración que fan os titores/as das actividades realizadas.

### AVALIACIÓN FINAL

Finalizado o curso, procederase a realizar unha avaliación de carácter sumativo, que conduza ao mantemento, modificación ou eliminación dalgunha actividade, tendo en conta os seguintes criterios:

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DO DPTO. ORIENTACIÓN CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 16	IES DE CATABOIS
--	----------------	-----------------

- Satisfacción por parte de tutores/as, alumnos/as e familias
- Calidade dos procesos de interacción entre os participantes
- Adecuación das actividades propostas
- Adecuación dos materiais aportados
- Avaliación do TEI.

## NIVEIS DA AVALIACIÓN

1. Valoración por parte dos usuarios: alumnado, familias.
2. Valoración do equipo de tutores/as
3. Valoración do Departamento de Orientación

Como técnicas de avaliación empregárase a observación, e valoración dos participantes.

Como resultado da mesma realizaranse as modificacións do programado que sexan precisas. As modificacións realizadas, a súa xustificación e a proposta de actualización do PAT incorporárase á memoria do Departamento de Orientación.

## 2.2. ORGANIZACIÓN DAS ACCIÓNS DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.

### OBXECTIVOS

Mantéñense os seguintes obxectivos xerais:

- Lograr un mellor coñecemento de si mesmo por parte do alumnado mediante a reflexión sobre aqueles aspectos básicos para a toma de decisións vocacionais: habilidades, aptitudes, valores, intereses...
- Coñecer as diferentes opcións que se lle ofrecen e recoñecer as máis axeitadas, tendo en conta as propias características e posibilidades.
- Proporcionar información ás familias de forma que contribúan de xeito adecuado no proceso de orientación dos seus fillos e fillas.

Mantéñense os seguintes obxectivos específicos:

- Coñecer as características dos itinerarios formativos e os requisitos das ocupacións e das profesións.
- Coñecer as relacións entre as características persoais e os requisitos académico-profesionais.
- Valorar e recoñecer certas aptitudes e destrezas para os diferentes traballos.
- Saber recoller e interpretar información vocacional e tomar decisións.

### OBXECTIVOS RELACIONADOS CO ALUMNADO

- Potenciar o autoconhecimento no alumno/a de capacidades, habilidades, destrezas, preferencias, intereses, así como elementos da súa personalidade (autoconceito, autoestima...).
- Dar a coñecer os diferentes itinerarios educativos.
- Asesorar na toma de decisións.
- Poñer en coñecemento do alumnado información relativa ó mundo laboral.

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DO DPTO. ORIENTACIÓN CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 16	IES DE CATABOIS
--	----------------	-----------------

## OBXECTIVOS RELACIONADOS COAS FAMILIAS

- Facilitar o axuste entre as expectativas que teñen respecto os seus fillos/as e os intereses destes.
- Establecer liñas de colaboración co departamento de orientación para facilitar a toma de decisións dos seus fillos e fillas.
- Informar sobre os itinerarios formativos e as opcións educativas.
- Manter contactos coas familias: correo electrónico, telefónico, videoconferencias...

## OBXECTIVOS RELACIONADOS CO PROFESORADO

- Asesorar e coordinar ós/as titores/as no desempeño da acción orientadora.
- Facilitarlles recursos materiais e a información que precisen.

## OBXECTIVOS RELACIONADOS CON OUTROS CENTROS

- Colaborar cos servizos externos do centro (Servizo Galego de Colocación, Centro de Formación Ocupacional, Concello, Servizos Sociais, IGAPE, etc)
- Manter contactos con outros IES, Servizos de información aos estudantes das diferentes Universidades... para informar da súa oferta educativa.

## CONTIDOS

- a) Toma de decisións sobre distintos itinerarios e opcións formativas
- coñecemento das distintas opcións
  - Optatividade en 3º da ESO
  - Elección de itinerarios en 4º da ESO:
    - ensinanzas académicas
    - ensinanzas aplicadas
  - O Bacharelato
    - Modalidade de artes
    - Modalidade de ciencias
    - Modalidade de humanidades e ciencias sociais
  - A Formación Profesional
    - Básica
    - Grao Medio
    - Grao Superior
  - As ensinanzas especiais e de adultos
    - Ensinanzas deportivas
    - Ensinanzas de adultos
    - Ensinanzas de idiomas
    - Ensinanzas artísticas(Música, ensinanzas superiores de Música, Danza, Arte Dramático, Artes Plásticas e Deseño, ensinanzas superiores de deseño e ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais)

- b) Estrutura do mundo socio-laboral
  - grupos vocacionais e mundo ocupacional
  - opcións existentes no entorno socio-laboral próximo
  - rutas de acceso ao mundo ocupacional
  
- c) Coñecemento persoal
  - desenvolvemento vocacional: intereses e preferencias
  - aptitudes ou capacidades básicas
  - madurez vocacional
  
- d) Coñecemento sobre os procesos decisionais
  - compoñentes do problema decisional
  - condicionantes decisionais fronte as situacións de incerteza e/ou ambigüidade
- e) Estratexias de búsqueda de información vocacional
- f) Estratexias de análise e avaliación da información.
- g) Estratexias de resolución de problemas decisionais en situacións de incerteza e/ou ambigüidade.
- h) Actuacións que fomenten a igualdade no acceso aos diferentes estudos ou profesións, con accións específicas encamiñadas a reducir calquera tipo de desigualdade.
- i) Reflexibilidade fronte a impulsividade na recompilación, análise e avaliación da información.
- j) Asunción da propia responsabilidade no proceso de busca de información e toma de decisión.

## METODOLOXÍA

Neste terceiro trimestre a Orientadora será a facilitadora dos contidos, ben a través da aula virtual, onde estarán colgados todos os recursos e a información necesaria, como a través de titorías virtuais e/ou a través das consultas individuais que podan facer tanto o alumnado como as familias.

## ACTIVIDADES

Faranse titorías virtuais con cada un dos niveis educativos a través de Webex para que o alumnado teña coñecemento das diferentes opcións que se lle presentan.

### 1. En 2º da ESO:

A información aquí terá relación directa coas materias optativas de 3º e e abranguerá cando menos:

- obxectivos das materias
- metodoloxía de traballo
- relación con estudos anteriores e posteriores

### 2. En 3º da ESO:

A información irá dirixida a coñecer as distintas optativas e as distintas opcións que poden cursar no 4º curso, dando información referente a:

- obxectivos das materias
- metodoloxía de traballo
- relación con estudos anteriores e posteriores

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DO DPTO. ORIENTACIÓN CURSO 2019/2020	PÁXINA 7 DE 16	IES DE CATABOIS
--	----------------	-----------------



### 3. En 4º da ESO:

Darase información referente á toma de decisións relativas ó remate da etapa.

#### a) Mundo laboral

- posibilidades de traballo no entorno
- estratexias de busca de emprego
- contratación e inserción laboral
- habilidades sociais imprescindibles

#### b) Ciclos Formativos de F.P.

- condicións de acceso
- localización xeográfica dos ciclos
- duración
- titulación e saídas

#### c) Bacharelato

- estrutura
- itinerarios ata a universidade
- modalidades: artes, ciencias, e humanidades e ciencias sociais.
- opcións e optativas.
- Bacharelato e ciclos Formativos de Grao Superior
- Bacharelato Internacional
- Bacharelato de adultos

## TOMA DE DECISIONS

A toma de decisións ten dúas partes diferenciadas: unha primeira centrada na elección de optativas e/ou itinerarios formativos e unha segunda na opción ao rematar a ESO ou o Bacharelato.

#### A) Decidir que optativas/itinerarios formativos

- facilitando ao grupo un esquema básico para a decisión
- ofrecendo a: alumnado, familias e titores o asesoramento necesario

#### B) Decidir que opción tomar ao rematar a ESO.

- dando a información necesaria
- asesoramento individualizado: tanto ao alumnado como ás familias e aos titores.

Existen dúas técnicas básicas que tenden a facilitar a toma de decisións, sendo imprescindible considerar o peso na elección

- Elección de grupos vocacionais
- Elección dunha alternativa dentro do grupo vocacional

## RECURSOS:

- Aula Virtual do IES de Catabois, onde hai unha selección de recursos para a Orientación Académica e Profesional
- Material elaborado polo Departamento dispoñible tamén na Aula Virtual
  
- Programa El-Orienta.

## AVALIACIÓN

### AVALIACIÓN CONTINUA

A Orientadora fará un seguimento tendo en conta comentarios do titor/a e do alumnado das actividades propostas atendendo aos seguintes criterios:

- Valoración que fai o alumnado das actividades propostas
- Valoración que fan os titores/as das actividades realizadas.

### AVALIACIÓN FINAL

Finalizado o curso, procederase a realizar unha avaliación de carácter sumativo, que conduza ao mantemento, modificación ou eliminación dalgún bloque temático e/ou actividade, tendo en conta os seguintes criterios:

- Satisfacción por parte de titores/as, alumnos/as e familias
- Calidade dos procesos de interacción entre os participantes
- Adecuación das actividades propostas
- Adecuación dos materiais aportados

### NIVEIS DA AVALIACIÓN

- Valoración por parte dos usuarios: alumnado e familias.
- Valoración do equipo de titores e titoras.
- Valoración do Departamento de Orientación

Como técnicas de avaliación empregárase a observación e comentarios dos participantes.

Como resultado da mesma realizaranse as modificacións do programado que sexan precisas. As modificacións realizadas, a súa xustificación e a proposta de actualización do POAP incorporárase á memoria do Departamento de Orientación.

### 2.3.ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS DE APOIO

Dende o principio do confinamento artelláronse medidas para dar resposta ao alumnado con NEAE.

- Disposición da mestra de PT e da mestra de apoio ARCO, para colaborar co profesorado na atención ao alumnado con NEAE, asesorando sobre metodoloxía, facilitando materiais...

- Creación por parte destas dúas especialistas na páxina Web do centro dos seguintes enlaces:

- “Apoio e recursos educativos”, con material non só de repaso, senón tamén de entretenemento...

- “Programación especial RTVE aprendemos en casa” programación televisiva especial con contidos didácticos, orientados a alumnado de 6 a 16 anos, que poden ser seguidos a través das súas canles Clan e La 2.

- “Programación televisiva educativa”, cun horario aproximado de programación aproveitable nas cadeas televisivas máis accesibles con contidos educativos e culturais favorables para este período.

- Colaboración co profesorado na elaboración de materiais fotocopiabes para o alumnado con dificultades de conexión.

- Colaboración co equipo docente en todas as cuestións que soliciten.

- Apoio virtual nas materias que o solicitan para moderar e axudar ao profesorado nas clases telemáticas.

- Disponibilidade total para o apoio emocional e curricular ao alumnado en xeral e en particular aos máis vulnerables, para a mellor xestión posible deste tempo incerto.

Para planificar este traballo mantemos contacto a través de correo electrónico corporativo, videoconferencias Webex e todas ás vías telemáticas posibles para poder levar a información de forma efectiva, tanto cos membros do dpto. Orientación, como co resto da comunidade educativa.

Como formación para o aproveitamento e optimización das canles telemáticas estamos participando nun curso de 10 horas organizado polo CFR como formación do centro onde se inclúen contidos como, plataforma WEBEX, aula virtual, etc.

## 2.4. CONTINUAR COAS ACTIVIDADES, MEDIDAS E PROGRAMAS DO PXAD, adaptándoas preferentemente ao coidado do benestar emocional.

Pola particularidade do noso centro situado na periferia de Ferrol, nun entorno socioeconómico medio-baixo, e polo pouco número de alumnado que temos, podemos ter un contacto case diario con cada un/unha deles ou delas.

Como é o habitual no noso centro, o profesorado acomoda o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno/a e/ou grupo.

En cada contacto coas familias e/ou co alumnado polas canles rutinarias: mensario, páxina web do centro, chamadas telefónicas, correo electrónico, videoconferencias Webex e outros servizos de mensaxería, estase a priorizar o estado emocional das familias e do alumnado, así como tamén mantelos informados das novidades que van saíndo con respecto a situación na que nos atopamos.

Exemplo de actuacións que se fan referentes ao coidado e benestar emocional son: manter contacto telefónico con todas familias de 1º e 2º ESO, e co alumnado para interesarme polo seu estado emocional, de saúde...; comunicación coas familias e co alumnado a través do correo electrónico; videoconferencias con todos os cursos da ESO, sesións de titorías por grupos, coa presenza do alumnado, do seu titor ou titora correspondente, e nas iniciais logo do confinamento da directora e da Xefa de Estudos. No caso de 1º da ESO estivo presente tamén a mestra de PT (pois é unha referente importante para eles), e a mestra especialista do programa ARCO. No caso de 2º ESO, estivo tamén a mestra especialista en PT. Actualización da Aula Virtual, enchéndoa de contidos de xeito que se atendan todas as necesidades destes momentos:

- Orientacións e recursos para a xestión psicolóxica do coronavirus
  - Axenda para adolescentes confinados
  - Guías de interese para toda a comunidade educativa
    - Como adaptarnos á nova situación e xestionar o día a día
    - Consellos psicolóxicos para longos períodos dentro da casa
    - Guía práctica emerxencia Covid-19
    - Pautas acompañamento EOE Coruña
    - Que conflitos poden xurdir e que podemos facer para resolvelos
    - Recomendacións do colexio oficial de psicología de Galicia
  - Curtas para levar mellor o confinamento polo Coronavirus
  - 16 cancións para calmar a túa alma

En todo momento tense en conta os principios de que a cada alumno/a se lle ensina tendo en conta o seu nivel de coñecementos previos, e se respecta o seu ritmo de aprendizaxe. Dispónse na páxina web do centro dunha pestana con indicacións e tarefas para a suspensión das clases, da cal emerxen outras pestanas que indican o seu contido:

- Dpto. Orientación
  - Recomendacións para estes días.
  - Apoio e recursos educativos.
  - RTVE “Aprendemos en casa”

- Programación televisiva educativa
- Tarefas de reforzo e ampliación
- Instrucións para o alumnado con materias suspensas
- Avaliación de materias pendentes

Dispónse dunha táboa en Drive de rexistro de tarefas, na que cada profesor/a rexistra a entrega (ou non) da tarefa por parte do alumnado. Deste xeito sabemos en tempo real quen traballa e quen non. Para saber os motivos dos que non estaban a entregar tarefas fíxose un inventario de necesidades do alumnado, no que se foi preguntando alumno/a por alumno/a se tiñan ordenador ou non, como era a conexión.. Con estes datos repartíronse os ordenadores facilitados pola Consellería e artellouse o sistema de reparto de material fotocopiado para o alumnado que así o preferiu por non poder facelo doutra maneira.

Ensinóuselles sobre todo aos máis pequenos as rutas de acceso ás diferentes actividades que se lles ían propondo, A pesar destas indicacións, hai alumnos/as que requiren exemplificacións, e outras explicacións para acceder a estes recursos, outros como xa dixen necesitan materiais específicos fotocopiados, pois non teñen ordenador, ou se o teñen non hai conexión a internet.

## **MEDIDAS CONTEMPLADAS NO PXAD**

### **Medidas ordinarias.**

Na atención daquel alumnado con necesidades educativas de apoio educativo (incluída a sobredotación), dende o punto de vista propiamente académico, continúanse coas **medidas ordinarias**:

#### **a) Adecuación das programacións didácticas.**

Estanse a adaptar as programacións didácticas seguindo as Instrucións do 27 de abril de 2020, e ademais tendo en conta e adecuándose ás características do alumnado implicado (alumnado con TDAH, alumnado con diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, ritmos de aprendizaxe..) e do contorno.

#### **b) Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos.**

Animase e colaborase dende o departamento de orientación, ao profesorado para que utilicen metodoloxías que favorezan: a aplicación de estratexias cooperativas, tutoría entre iguais...

**c) Aula de atención educativa e convivencia.** Neste momento non ten sentido.

**e) Desdoblamento de grupos,** mantense a nivel organizativo, evidentemente.

**f) Reforzo educativo, apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria e/ou docencia compartida,** paralizado evidentemente nesta situación de confinamento.

**g) Programas de enriquecemento curricular.** Non hai cambios. Este curso non temos alumnado neste tipo de programa

**h) Programas específicos personalizados (alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso).** Non hai cambios, procurase axudar ao alumnado repetidor a superar as dificultades, incidir sobre as carencias e favorecer a adquisición das competencias clave.

**i) Programa de habilidades sociais**, non hai cambios.

**j) Atención durante a exención da segunda lingua estranxeira:** non se programaron actividades para esta exención durante este período de confinamento.

**k) Optatividade:** non hai cambios.

**l) Apoio da auxiliar de conversa:** a persoa que tiñamos de auxiliar de conversa tivo que regresar ao seu país, pero dende alí comunícase co alumnado a través de videoconferencias, participa nas clases virtuais e tamén lles colga videos nunha canle de Youtube.

**m) Seccións bilingües:** non hai cambios organizativos.

**n) Contratos programa.**

Temos concedidos os seguintes: IGUALA-T, CON-VIVE, Prevención do abandono temperán e do absentismo, e o de mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia. Na medida do posible tentarase a súa continuidade de maneira telemática. Nos de Iguala-t e Con-vive deséñanse algunhas actividades e fíxose algunha entrada na Aula Virtual. Con respecto ao de Prevención do abandono temperán e do absentismo, entre outras cousas estase a colaborar coa FSG e con Servizos Sociais dos Concellos de Ferrol e Narón.

**ñ) Programa ARCO**, temos unha mestra para apoio ao alumnado de 1º curso ESO que atende a 10 alumnos/as dende finais de febreiro, actualmente participa e colabora activamente nas clases on-line a través da plataforma Webex. Tamén apoia e reforza ao alumnado de 1º ESO para o desenvolvemento das competencias clave e mellora dos resultados académicos. Así como ao alumnado que permanece un ano máis en 1º ESO, ou ao que presenta dificultade nas competencias en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia aprender a aprender e a competencias sociais e cívicas, ou que presenta áreas non superadas de primaria, (prioritariamente Lingua castelá e literatura, Lingua galega e literatura e Matemáticas).

### **Medidas extraordinarias.**

Na atención daquel alumnado con necesidades educativas de apoio educativo (incluída a sobredotación), dende o punto de vista propiamente académico, continúase coas **medidas extraordinarias:**

**a) Adaptacións curriculares.** Estase a facer un seguimento do segundo e terceiro trimestre, para adaptar estas programacións individuais do alumnado con NEAE ao dado antes do 12 de marzo en que empezou o confinamento.

Ao igual que o para o resto do alumnado:

- reforzase o dado no primeiro e no segundo trimestres con tarefas de reforzo (se teñen a primeira e a segunda avaliación aprobadas),
- deseñaranse tarefas de recuperación para o alumnado que teña algunha das avaliacións suspensas ou as dúas.
- non se dará materia nova.

Para a súa avaliación terase en conta o traballado da súa adaptación curricular ata o 12 de marzo e avaliarase, un X % as dúas avaliacións anteriores, X% entrega de

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DO DPTO. ORIENTACIÓN CURSO 2019/2020	PÁXINA 13 DE 16	IES DE CATABOIS
--	--------------------	-----------------

traballos que se dean .... e a media de .... será a nota final da 3ª avaliación. Isto último consensuase en cada dpto. didáctico.

As modificacións e concrecións para este alumnado están custodiadas no dpto. Orientación.

**b) Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica.** Está desempeñando a súa labor de maneira expemplar colaborando con toda a comunidade educativa.

**c) Flexibilización da duración do período de escolarización.** Non temos previsto.

**d) Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento.**

Os PMAR seguen o seu desenvolvemento.

Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, "As decisións para que un alumno ou alumna se incorpore a un Programa de Mellora da aprendizaxe e do rendemento, a un ciclo formativo de Formación Profesional Básica ou a outros programas específicos regulados pola Administración educativa en ningún caso poderán adoptarse atendendo ao aproveitamento do terceiro trimestre. A estes efectos, terase en conta a evolución e progreso do alumno ou da alumna ata a finalización do período presencial do curso escolar".

**e) Programas Formativos Básicos.** Están paralizadas as súas prácticas e formación nos centros de traballo, non así no que atinxe ao ámbito escolar.

## SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PXAD

A avaliación deste plan realizarase, a finais de curso por parte do Dpto. de Orientación, o cal realizará unha análise da posta en marcha dos diferentes aspectos do plan, así como das modificacións que se puideran introducir. Ao mesmo tempo, formularanse as suxestións a considerar de cara ao seguinte curso.

Como elementos desta avaliación teranse en consideración:

-Datos e observacións dos diferentes niveis, aportados por titores/as e profesorado de área.

-Datos e observacións aportados pola mestra de apoio, e polos membros do dpto. de orientación.

-Datos e observacións aportados pola orientadora.

Ferrol a 11 de maio de 2020

Xefe/a de Departamento



Ana Belén García Caruncho

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DO DPTO. ORIENTACIÓN CURSO 2019/2020	PÁXINA 14 DE 16	IES DE CATABOIS
--	--------------------	-----------------



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES. DE CATABOIS**

Nif: Q6555339H - Tf: 881930233 - Fax: 881930241  
Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL  
e-mail: [ies.catabois@edu.xunta.es](mailto:ies.catabois@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iesdecatabois>

